






DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



POR UN XOGO IGUALITARIO E NON VIOLENTO

CAMPAÑA DE ADQUISICIÓN
E USO DE XOGOS E XOGUETES
NON SEXISTAS E NON VIOLENTOS



DECÁLOGO

- 1 NENAS = NENOS**
O xogo debe ser libre e espontáneo. Non existen xoguetes de nenas ou de nenos. Evitemos transmitir esa idea.
- 2 ROSA E AZUL**
Non hai cores de nenas nin cores de nenos. Só son etiquetas sociais que limitan a creatividade.
- 3 SOMOS IGUAIS DESDE A DIFERENZA**
Intenta elixir xoguetes que reflictan a diversidade de cada persoa.
- 4 EDUQUEMOS XOGANDO**
Escolle con acerto, tendo en conta que sexan xoguetes seguros, adaptados ao nivel de madurez da persoa e libres de prexuízos sexistas, racistas e xenófobos.
- 5 QUEREMOS UN MUNDO LIBRE E IGUALITARIO**
Elixo xoguetes que faciliten a cooperación entre as nenas e os nenos, compartindo espazos tanto públicos coma domésticos.
- 6 REGALA XOGUETES QUE AXUDEN A PROMOVER TODAS AS CAPACIDADES E HABILIDADES PERSOAIS**
Posibilitando tanto o xogo tranquilo coma o que requira actividade física.
- 7 O IMPORTANTE É PARTICIPAR**
Procura que os xogos e xoguetes favorezan a axuda e a cooperación entre iguais e non a rivalidade.
- 8 NON Á VIOLENCIA**
Evita xogos, xoguetes e videoxogos que potencien a violencia. Así educarás para resolver problemas de forma positiva, construtiva e creativa.
- 9 TODAS E TODOS PRESENTES**
Busca libros, xogos, videoxogos e xoguetes nos que se nomeen e estean presentes as nenas e os nenos.
- 10 DIVIRTÁMONOS**
Elixo xoguetes que sexan divertidos, estimulen a curiosidade e o interese por investigar e descubrir. Comparte imaxinación e tempo con elas e eles; o teu afecto e apoio é o que máis desexan.

